

PREGUNTA DE AER SOBRE SELECCIÓN SOCORRISTAS

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

“Aínda que pareza raro, cada ano despois da primavera ven o verán, e moitas persoas de Redondela e doutros lugares visitan as nosas praias. Levan dous anos gobernando e supoñemos que xa teñen suficiente experiencia, ademais dun partido que goberna nas diferentes institucións provinciais, autonómicas e estatais.

Parece que vostedes pensan agardar, como o ano pasado, a que se proceda a conceder as axudas para socorristas nas praias de Galiza para iniciar o proceso de selección do persoal que atenda as nosas praias. Desexamos que as bases saian con tempo para contar coa participación de todos na súa concreción, para que non empecemos contar con dito servizo despois de que algunha desgraza teña acontecido ou cando xa o verán vai cumprido. Agardamos que, en canto saian as axudas, poidamos contar co servizo nun prazo mínimo. Polo anterior, preguntamos:

Cando teñen pensado iniciar o procedemento das bases de selección e iniciar o procedemento da selección ou preselección dos socorristas das praias?

O concelleiro González Barbeiro di que cando teñan confirmada a subvención farase a selección xa que polo de agora non se sabe cantos socorristas poderán contratar. Están O concelleiro González Barbeiro di que cando teñan confirmada a subvención farase a selección xa que polo de agora non se sabe cantos socorristas poderán contratar. Están abertos a suxerencias.